



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 3</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>			<b>Nacionalidade:</b>		
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____		<b>Sexo:</b>	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



# Celga



# 3



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-A-12





## Proba A1

Vostede é membro da asociación de nais e pais da escola á que van os seus fillos. Despois de escoitar unha entrevista sobre a obesidade infantil, decide escribirlle unha carta á dirección do centro para que se teñan en conta algunhas normas básicas no comedor. Na **carta**, en **300 palabras**, ten que:


- Explicar o motivo da carta e introducir o tema.
- Expoñer os riscos da obesidade infantil segundo a entrevista.
- Suxerir normas de actuación para o persoal do comedor e ofrecer un modelo de dieta.
- Dar a súa opinión sobre a existencia de máquinas expendedoras nos centros escolares.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



## Proba A2

Vostede e seu irmán son propietarios dunha casa que só usan durante o verán. A vostede gustaríalle intercambiala, pero antes debe convencer o seu irmán. Despois de consultar a información que se presenta a seguir, escriballe unha **mensaxe electrónica**. No texto, **en 300 palabras**, ten que:

- Explicarlle en que consiste o intercambio de casas, facendo fincapé na seguridade do sistema.
- Indicarlle por que a súa casa lles pode interesar a outras persoas e as vantaxes que terían co intercambio.
- Propoñerlle datas e lugar ao que poderían viaxar xuntos e xustificalo.
- Presentarlle unha breve descrición da casa que buscarían, tendo en conta as súas necesidades.

### COMO REALIZAR UN INTERCAMBIO DE CASAS?

É moi doado, abonda con tres pasos:

1. Escolla na nosa web o país ao que quere ir de vacacións.
2. Elix a súa vivenda que lle interese.
3. Desde cada oferta vostede pode poñerse en contacto co propietario da vivenda. Os seus datos están protexidos polas nosas regras de confidencialidade.

Por suposto, cando publique a súa propia oferta de intercambio en liña, recibirá propostas do mundo enteiro.



#### PÓDOME FIAR?

En 15 anos, posibilitamos máis de 100.000 intercambios. Nunca recibimos queixas por roubo ou deterioracións. Tampouco ningún dos nosos membros atopou un terreo baleiro en troques da casa prometida.

Ao comezo téndese a pensar "vou ter estranxeiros na casa". En realidade, cando a familia de intercambio chega á súa casa, os membros que a compoñen xa non son estranxeiros. Daquela xa intercambiarían mensaxes, cartas, fotos, xa falarían dos detalles por teléfono. Ademais, non esqueza que mentres a outra familia de intercambio está na súa casa, vostede está na deles. Xa verá como isto cambia a perspectiva. Por último, no caso de que non sinta afinidade coa primeira persoa coa que contacte, non se preocupe: hai outras mil que están a agardar pola súa mensaxe.

Recomendámoslle que se comunique a miúdo coa ou coas persoas do futuro intercambio. Non dubide en formular todas as preguntas que lle poidan xurdir sobre a casa, o contorno, a rexión e, por suposto, sobre as persoas da familia. Tampouco dubide en solicitar máis fotos se as que están incluídas na oferta non lle parecen suficientes.

### **INTERCÁMBIANSE TAMÉN OS COCHES?**

Aproximadamente a metade dos nosos membros intercambian tamén os seus coches, o que permite aforrar o alugamento dun automóbil durante o período de estada. Porén, non é unha obriga e as condicións de intercambio sempre se deciden de forma voluntaria entre os membros.

### **QUE PASA COAS MASCOTAS?**

Todas as nosas ofertas indican claramente se se aceptan ou non os animais e se a familia de intercambio desexa que vostede se ocupe do seu gato ou do seu can. Unha vez máis, este tema decídese conxuntamente, en función dos desexos de cadaquén.

### **A QUEN LLE VAI INTERESAR VIR Á MIÑA CASA?**

Está claro que se ten un marabilloso piso con vistas ou unha casa á beira do mar, recibirá numerosas propostas de intercambio.


Porén, decatámonos co transcurso dos anos de que os nosos membros son case todas as persoas apaixonadas polas viaxes, que queren descubrir un país ou un lugar de forma auténtica. O que máis lles gusta é vivir coma alguén da zona e non coma un turista. Polo tanto, se desexa compartir coa familia de intercambio o seu amor pola súa terra, non lle cómpre un luxoso chalé con vistas ao mar nin un piso no centro.

A familia do intercambio pode ter un motivo particular para coñecer a súa cidade, vila ou lugar, como pode ser visitar un familiar ou motivos de negocios ou culturais. Deste xeito, recibirá propostas para a súa casa ou piso procedentes de países aos que nunca pensara ir... e que se cadra descubrirá con gran pracer.

Texto adaptado de [www.intercambiocasas.com](http://www.intercambiocasas.com)

**NON ESCRIBA NESTA PÁXINA**

**COMECE NA SEGUINTE**




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A2 test question.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA



## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:







## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apellidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: